



# PLAN DE ACOLLIDA

CEIP PLURILINGÜE  
RÍA DE VIGO

CURSO 20-21

# ÍNDICE

- a) Contextualización.
- b) Novas normas de organización e funcionamento do centro.
- c) Actuacións de prevención, hixiene e protección.
- d) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.
- e) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

## a) CONTEXTUALIZACIÓN

Segundo as Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa en relación as medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020-2021, o centro educativo CEIP PLURILINGÜE RÍA DE VIGO elabora este “Plan de Acollida”.

O presente documento ten por obxecto desenvolver en base ás Instrucións citadas e ao *Protocolo de Adaptación ao contexto Covid 19* do Ceip Plurilingüe Ría de Vigo o reinicio da actividade académica presencial o vindeiro 10 de setembro.

## b) NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO

Dacordo co “*Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 para o curso 2020-2021*” publicado pola Xunta de Galicia e adaptadas as características do noso centro queremos darvos a coñecer as **cuestións primordiais** coas que pretendemos que **o noso centro siga a ser un lugar seguro**. Estas medidas poden ser obxecto de revisión e modificación en función das decisións adoptadas polas autoridades tanto educativas como sanitarias.

1. O alumnado á entrada e saída do centro deberá realizar coa axuda do profesorado hixiene de mans
2. En cada clase a organización do alumnado establecerase, con carácter xeral, en grupos de **convivencia estable**, en cuxo ámbito non se aplicarán criterios de limitación de distancia. Debe garantirse a estanqueidade do grupo de convivencia estable en todas as actividades que se realicen dentro do centro educativo
3. Na aula traballarase de xeito individual ou mediante **grupos colaborativos** dun **máximo de 5 alumnos/as** (preferiblemente sempre os mesmos), que se constituirán como subdivisións dos grupos estables de convivencia para mellorar a trazabilidade dos contactos.. Deste xeito, garantimos que dentro da aula o contacto directo unicamente se produza entre grupos dun máximo de cinco alumnos. Cando sexa necesario empregar material común, distribuirase en gabetas ou caixas para cada un dos grupos, tendo que ser desinfectado unha vez finalizado o seu emprego. Os grupos traballarán cun distanciamento físico de 1,5 metros respecto dos restantes grupos. Cando se use material susceptible de ser compartido lembraráselle ao alumnado a necesidade e importancia da hixiene de mans antes e despois de usar o material
4. Uso da máscara:

### EN EDUCACIÓN INFANTIL

- Aínda que non é obrigado o seu uso consideramos que polo ben común, e polo ben propio, **o alumnado de Educación Infantil debería empregar a máscara tanto dentro como fóra da aula**. O profesorado indicará os momentos da súa utilización para habituar ao alumnado. Aconsellamos tamén a súa vez traer unha máscara de reposto. Será realizado un proceso gradual de adaptación á máscara no caso de ser preciso

## EN EDUCACIÓN PRIMARIA

- O alumnado de Educación Primaria empregará a máscara tanto dentro como fóra da aula. Deberá ter unha máscara de reposto. Esta obrigación non será esixible para o alumnado que presente algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que poida verse agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitarse a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización. A imposibilidade do uso da máscara deberá ser **acreditada polo pediatra ou facultativo do alumno/a**
5. **O alumnado de educación infantil e primaria debe ter marcado co seu nome as súas pertenzas** (roupa, botella de auga, envase da merenda...). O alumnado deberá traer ao centro **identificado co nome**: unha botella de auga, o envase coa merenda, un estoxo para gardar a máscara en caso necesario e unha máscara de reposto. Recoméndase que esto se meta nunha **bolsa de tea de fácil lavado a 60°**. É aconsellable que esta bolsa sexa lavada na casa coa maior frecuencia posible (recomendablemente a diario). O alumnado levará para casa cada día as súas pertenzas. **No caso de infantil** o alumnado deberá vir co mandilón vestido e volverá para casa do mesmo xeito (recoméndase lavar diariamente esta prenda a 60°C). No caso de educación primaria o alumnado deberá traer na mochila o que precise cada día debendo levar os libros de texto e o seu material de volta para casa.
  6. Os primeiros minutos de clase adicaranse a **lembrar protocolos de hixiene e contacto social**. Daremos especial importancia ao lavado de mans
  7. O alumnado **non compartirá material de uso propio** con ningún dos seus compañeiros.
  8. O alumnado **sentarase sempre no mesmo sitio**.
  9. En todas as aulas haberá un **dispensador de xel, dispensador de líquido desinfectante, panos de papel e cubo de lixo con pedal**.
  10. A merenda realizarase de xeito individual en grupos colaborativos e espazos diferenciados. **Non está permitido que o alumnado traía ao centro ningún tipo de alimento para compartir**. Polo tanto deixaranse de celebrar os aniversarios como era costume.

## 11. TRANSPORTE

- O centro seguirá contando con tres liñas de transporte.
- O aforo dos autobuses de transporte escolar será o determinado en cada caso polo órgano autonómico ou estatal correspondente. Inicialmente poderán ser utilizadas **todas as prazas coa obriga de emprego de máscara**

- Asignaranse **asentos fixos ao alumnado** para todo o curso escolar para realizar una mellor trazabilidade dos contactos.

## LIÑAS DE TRANSPORTE

### LIÑA 1

- CRUCE CAMIÑO FIJUEIRAS
- MATOCA (Rúa Igrexa Roteas, 70)
- GONTADE (Rúa Igrexa Roteas, 126)
- RÚA TEIXUGUEIRAS, 13
- RÚA TEIXUGUEIRAS 25
- AVDA. FLORIDA (ELEFANTE AZUL)

### LIÑA 2

- BOUZÓ (Avda. Cesáreo Vázquez, 13)
- CRUCE CAL DE OUTEIRO
- ESTOMADA (Camposancos, 49)
- ORXAS
- GONDUFE
- MIDE (Avda. Ricardo Mella)
- CANIDO III (Rúa Gómez Román, 68)
- CANIDO PORTO (Rúa Canido, 195)
- BAO (Parada Vitrasa)

### LIÑA 3

- CRUCEIRO (Avda. Cesáreo Vázquez, 75)
- LAGAR (Avda. Cesáreo Vázquez, 61)
- PRADO (Rúa Torreiro, 68)
- FONTÁN (Avda. Ricardo Mella, 401)
- SAIÁNS (Baixada Praia, 197)
- ROTEAS (Est. Camposancos, 325)
- ESTERIZ (Est. Camposancos, 464)

TRANSPORTE ESCOLAR



CEIP PLURILINGÜE  
RÍA DE VIGO

## 12. ORGANIZACIÓN ENTRADAS E SAÍDAS

- O obxectivo desta proposta é **evitar as aglomeracións** tanto nas entradas como nas saídas.
- O seu correcto funcionamento depende do **cumprimento estricto das normas e dos horarios**
- Para evitar un número innecesario de persoas cada alumno ou alumna só debe vir acompañado por **unha persoa adulta. Somentes poderán entrar ao centro a persoa acompañante do alumno/a de infantil** que deixará ao neno/a e marchará para evitar aglomeracións e entorpecer o tránsito do resto do alumnado
- As familias non deben dar avisos, recados... no momento da entrada ou saída. Para iso haberá que empregar a axenda, o teléfono, a aula virtual, o correo electrónico...

## ORGANIZACIÓN DA ENTRADA

### **ALUMNADO TRANSPORTADO:**

- Este alumnado vai entrar no recinto escolar entre ás 9.20 e 9.25hrs. polo PORTAL 1 (Avda. Cesáreo Vázquez), no que haberá un mestre/a. Logo dividiranse para entrar no porche.
  - **Infantil con 1º e 2º de Primaria** entrarán pola PORTA 1. Haberá un mestre/a que se encargará de aplicar xel nas mans do alumnado.
  - **3º, 4º, 5º e 6º de Primaria** rodearán o edificio e entrarán pola PORTA 2. Haberá un mestre/a que se encargará de aplicar xel nas mans do alumnado.

Unha vez que entran no porche o alumnado de primaria acudirá a súa aula onde estará a súa titoría mentres o alumnado de infantil quedará facendo fila no porche coa titora correspondente e no lugar sinalado ao efecto ata a súa hora da entrada.

### **ALUMNADO NON TRANSPORTADO:**

- **Ao centro só poden acceder os acompañantes do alumnado de EI (unha persoa por alumno/a)**
  - **Educación infantil (Portal 1 e Porta 1 (Avda. Cesáreo Vázquez):**  
**Entrada:** entre ás 9.30 e 9.35hrs.
  - **1º e 2º Educación primaria (Portal 1 e Porta 1 (Avda. Cesáreo Vázquez):**  
**Entrada:** entre ás 9.35 e 9.40hrs.

*En ámbolos casos deberase ter en conta os posibles retrasos do transporte polo que de ser así sempre terá preferencia na entrada o alumnado transportado. O PORTAL 1 pecharase ás 9.40hrs.*

- **3º 4º 5º e 6º de Educación Primaria (Entrada polo Portal 2 e Porta 2 (Camiño de Oia)**  
**5º e 6º EP:** entre ás 9.20 e 9.25hrs.  
**3º e 4º EP:** entre ás 9.25 e 9.30 hrs.

*Este alumnado subirá directamente as súas aulas. O PORTAL 2 pecharase ás 9.30 hrs.*

## ORGANIZACIÓN DA SAÍDA (alumnado que non queda no comedor)

- Unicamente a persoa que recolla ao alumno/a de infantil poderá estar no cuberto destinado a tal fin (ao entrar polo PORTAL 1)
- A persoa que recolla ao alumnado de primaria deberá agardar fóra do centro. O mestre ou mestra que teña clase co grupo levará ao alumnado ata o portal correspondente (o mesma da entrada) onde estará agardando o seu familiar

## HORARIOS:

### SAÍDA PORTAL 1

- **INFANTIL: 14.15hrs**
- **1º PRIMARIA: 14.20hrs**
- **2º PRIMARIA: 14.25hrs.**

### SAÍDA PORTAL 2

- **3º e 4º PRIMARIA: 14.25hrs**
- **5º e 6º PRIMARIA: 14.30hrs**

## 13. SERVIZO DE COMEDOR

O comedor do CEIP Ría de Vigo é de xestión diirecta. Neste curso 2020-2021. Habará dúas quendas de comedor:

- **Primeiro turno comedor (13.40 á 14.25hrs):** Ed. Infantil, 1º e 2º EP
- **Segundo turno comedor (14.30 á 15.10hrs):** 3º, 4º, 5º e 6º de EP

Nota: Mentres come o segundo turno o alumnado do primeiro turno estará vixiado no espazo a tal fin (aula ou ximnasio) por colaboradores do comedor ata a hora da saída dos autobuses. As familias que o desexen, e **previa comunicación válida para todo o curso**, poderán recoller ao alumnado de Ed. Infantil, 1º e 2º despois de comer, ás 14.30 hrs.

- Antes de comezar a comer ao alumnado se lle aplicará nas mans unhas gotas de xel hidroalcolico.
- O uso do comedor escolar quedará limitado á capacidade suficiente para ter ao alumnado separado por 1,5 metros de distancia sentados en oblicuo e sempre que non estean encarados. O alumnado que conforme **grupos colaborativos ou grupos estables de convivencia no ensino infantil e no de primaria pode comer agrupado sen respectar a distancia anterior** separando os grupos por 1,5 metros un do outro. Asignaranse postos fixos durante todo o ano para o alumnado e garantírase a estanqueidade.



- O alumnado **sentarase no comedor agrupado por aulas**, de xeito que se manteña a continuidade do grupo de pertenza. Será necesario o rexistro dos lugares que ocupan cada un dos nenos, co obxectivo de facilitar a localización dos contactos en caso de gromos.
- O uso dos aseos durante o comedor será algo excepcional
- A hixiene bucal sera realizada na casa
- Non se poderá usar o servizo de comedor de xeito puntual.

Horario saída alumnado comedor:

ALUMNADO TRANSPORTADO: ENTRE ÁS 15.05 e 15.15

ALUMNADO NON TRANSPORTADO:

Educación Infantil:

PORTAL 1. Educación Infantil: 15.20hrs.

PORTAL 1. 1º e 2º Primaria: 15.25 hrs.

Educación Primaria:

1º e 2º. PORTAL 2: 15.25 hrs

3º e 4º. PORTAL 2. 15.20 hrs.

5º e 6. PORTAL 2. 15.25 hrs.

#### 14. ENTRADA E SAÍDA DE ALUMNADO FÓRA DE HORARIO

- É moi importante **ser puntuais** no momento da entrada. **Agradecemos** que respectedes os horarios de entrada para una convivencia óptima e maior seguridade para todos e todas. O alumnado que non entre na súa quenda (salvo causa médica xustificada) **non poderá entrar no centro ata ás 10.15 hrs.** Entrarase sempre polo PORTAL 1
- No caso de traer ao neno/a fóra de hora ou recollelo antes da saída procederase do mesmo xeito que o curso pasado pero adaptando as medidas hixiénicas establecidas.. Entrarase polo PORTAL 2 (Camiño de Oia) e antes de entrar no porche do cole será preciso desinfectar as mans no dispensador automático. Subirase ata a porta de secretaría e dirección onde serán atendidos por un mestre ou mestra. Alí cubriránn a folla de ausencia, **Non se poderá subir ás aulas**

#### 15. REALIZACIÓN DE TITORÍAS

- Nas reunións de titorías e nas comunicación por outros motivos coas familias priorizarase a comunicación por teléfono ou videochamada,
- As titorías serán preferentemente telemáticas e, no caso de ser presenciais, terán lugar na aula da titoría do alumno e coas seguintes medidas:
  - Emprego de máscara e de mampara de metacrilato
  - Hixiene de mans ao acceder á aula.
  - Colocación de mesas como separación para garantir a distancia.
- As reunións de inicio de curso faranse simultaneamente de xeito telemático por parte da titoría de cada curso.

### **c) ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN**

- Corresponde a empresa de limpeza actual do centro, MANTELNOR, xestionar, planificar, organizar e desenvolver todo o que a medidas de hixiene se refire.
- Creación Equipo Covid que actuará coma referencia para o resto do persoal, profesorado, alumnado e familias en relación as función recollidas no Plan Adaptación á situación Covid 19 no curso 2020-2021 Ceip Ría de Vigo
- Determinación do espazo de illamento COVID:.. Os elementos de protección, así como as indicacións para proceder en caso de illamento aparecen recollidos no Protocolo
- Medidas xerais de protección individual recollidas no Protocolo
- Rexistro e inventariado e protocolo de compra e difusión do material de protección recollidas no Plan de Adaptación.
- Xestión de abrochos: recollida no Plan de Adaptación.
- Incluirase no horario de aula diario os momentos de lavado e desinfección de mans e “postos de traballo” ao final das actividades, do día e tras a merenda, etc para crear hábitos e rutinas de hixiene.
- Establecer como rutina de aula a limpeza dos espazos de traballo individual por parte do alumnado ao rematar a xornada. Eles teñen a suficiente autonomía para realizar esta tarefa baixo a supervisión
- dunha mestra.
- Realizar a psicomotricidade e outras actividades de aula, sempre que a climatoloxía o permita, ao aire libre.

**d) ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO NECESARIA PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL OU, DE SER O CASO, NON PRESENCIAL**

- O equipo docente formarase naquelas actividades que dende a Consellería se estimen necesarias na Covid 19 así como en aqueles aspectos de aulas virtuais que faciliten a xestión educativa e pedagóxica no caso de formación semipresencial ou non presencial.
- A maior parte do profesorado do centro ten unha formación básica que lle permite empregar as aulas virtuais e proporcionarse material de axuda e formación para que todo o profesorado poida facer uso da aula virtual.
- En calquera caso, o coordinador do equipo TICs con axuda do seu equipo será o responsable do traballo de mantemento da aula virtual (xestión da administración, páxina de inicio, creación de cursos e subida de información básica). O resto de funcións (comunicación coa UAC, coa responsable Abalar de zona, divulgar accións de formación...) tamén forman parte das tarefas do equipo TICs.
- Durante as primeiras semanas de clase cada mestre/a (especialmente de 3º a 6º) familiarizará co funcionamento da súa aula virtual ao alumnado.

**e) ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS, MEDIANTE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES EN GRUPO DE ACOLLIDA E COHESIÓN**

- Vivimos uns tempos marcados pola pandemia do COVID-19 con todo o que isto leva asociado. A nosa forma de relacionarnos cambiou. A propia vida ten mudado. E coma ben sabemos o eido educativo non é una excepción. A escola que ata o de agora coñeciamos mudou. Non sabemos que pasará nuns meses pero a día de hoxe a escola é ben diferente a non hai moito tempo. As aperturas, os bicos, os agarimos, os sorrisos... Todas eses ingredientes que conseguen facer un bo caldo dunha escola viva de súpeto foron devorados polo COVID ou permenececn agochados tras unha máscara. A ESCOLA, así, en maiúsculas, é moito máis que un curriculum. A ESCOLA é emoción, compartir, dialogar e discutir, empatizar...E todo isto

na actual situación resulta un pouco máis complexo de por en práctica. Pero a pesar das dificultades, ponse o mellor de nós para que o noso alumnado e familias sigan confiando neste que é o seu centro e a súa casa.

Como decimos os cambios na forma de relacionarse na sociedade deben chegar, por desgracia, tamén ao colexio. Nesta volta ás aulas temos que aprender a socializar con distancia, sen contacto físico ou transmitiremos sen poder mostrar parte das nosas facianas. Pero tamén é certo que a pesar de covid e máscaras hai moitas cousas que unha vez comece o curso non van precisar distancia: as miradas, o cariño, as risas, o escoitalos, apoialos, animalos...

- Tanto para mestres como para alumnos supón un cambio enorme na interacción habitual e require dun tratamento específico nas aulas.
- A mímica pode ser unha ferramenta moi útil para substituír accións que implican contacto físico, como unha aperta. O deseño deste tipo de xogos e dinámicas deberían estar presentes nas primeiras sesións e semanas.
- A nivel social é importante que traballemos o tratamento que reciben as persoas contaxiadas. Estar afectado polo virus non debe ser motivo de discriminación, senón de comprensión e empatía, debemos evitar o rexeitamento social dende a empatía, pois calquera nós podemos pasar por esa situación aínda sen ter cometido actos imprudentes. Polo tanto, se temos a mala sorte de que un compañeiro/a contrae a enfermidade, non podemos culpalo nin demonizalo, senón apoiala e coidala emocionalmente.
- O mesmo temos que facer coas persoas que presenten síntomas compatibles, tomar precaucións non implica desprezo e rexeitamento, polo que debemos facer actividades de sensibilización neste eido.
- Outro aspecto sobre o que debemos incidir no tratamento transversal do tema é a difusión de bulose as bromas relacionadas co virus. Temos que formar ao noso alumnado para que non caia encadeas de transmisión de información que non estea fundamentada e confirmada, estamos nunha época na que se pode ferir a compañeiros/as facendo comentarios en torno ao seu estado de saúde que poden alterar a convivencia no colexio. Sucede o mesmo coas bromas de mal gusto relacionadas co coronavirus, non cabe dúbida de que o emisor seguramente non teña intención ofensiva, pero pode darse o caso de que nenos/as con parentes ou coñecidos afectados/as poidan verse violentados por esta situación, polo que temos que intentar evitalas.

- A perda de liberdade do alumnado é máis que evidente, xa que son moitas as limitacións que se atopará no retorno ao colexio. Será importante transmitir que se trata dunha situación transitoria e que ese esforzo vai en beneficio de todos/as, e como cidadáns debemos cumprir con estas restricións cun único obxectivo: contribuír a frear o virus e conseguir que todo isto acabe.

- O alumnado necesita ser escoitado, polo que debemos deseñar accións que induzan a que se exprese, a que transmita emocións, opinións, incluso a que aporten solucións, deste xeito podemos facelos partícipes de todas as medidas adoptadas para evitar contaxios.